



## CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

### ANUNCIO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN CONCELLEIROS.

Tras a constitución da nova Corporación municipal o día 15 de xuño de 2019, con motivo das últimas eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, faise pública o decreto 249 de 20/06/2019:

En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e sendo competencia do Alcalde efectuar as delegacións nos Concelleiros que estime pertinente, resolvo:

**Primeiro:** Efectuar delegacións especiais de servizo ao abeiro do art. 43.5.b do ROF nos seguintes concelleiros:

CONCELLARÍA DELEGADA DE CULTURA, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO RURAL: Óscar Lema Romero

CONCELLARÍA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS E SANIDADE: Cristina Pardiñas Lorenzo

CONCELLARÍA DELEGADA DEPORTES E TURISMO: José Manuel Brenlla Castiñeira

CONCELLARÍA DELEGADA DE RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E PATRIMONIO MUNICIPAL: Natalia Espasandín Pazos

CONCELLARÍA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE: Germán Pérez Freire.

CONCELLARÍA DELEGADA DE SERVIZOS MUNICIPAIS E EMPREGO: María Pilar García García

CONCELLARÍA DELEGADA DE MULLER, XUVENTUDE E SANIDADE: Patricia Fariña Pedrosa.

De conformidade co previsto no art. 43.5 b) do citado R.O.F., as citadas delegacións comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. A facultade resolutoria corresponde a Alcaldía.

**Segundo:** Realizar delegación xenérica ao abeiro do art.43.3 do ROF, no seguinte concelleiro:

Óscar Lema Romero. Certificados de empadramento e contribución, informes de convivencia, visados de outros certificados, informes. Festas, verbenas e fogos de artificio.

A delegación xenérica comprende a facultade de dirixir os servizos, xestionalos e resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Terceiro:** Conste a facultade de avocación nos termos establecidos no art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**Cuarto:** Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

**Quinto:** Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P. da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte a firma da resolución pola alcaldía.

**Sexto:** Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF.



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Zas, a 20 de xuño de 2019,  
O Alcalde,

Manuel Muño Espasandín

